

2012  
2015

Pola senda  
do Campus da Auga e do  
Mapa de Titulacións

Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado  
Decano (2012-2015)



Roberto O. Bustillo Bolado  
Profesor Titular de Derecho Administrativo. Decano (2012-2015)

**(...) mientras consideremos merecidos todos nuestros éxitos, insuficientes nuestros reconocimientos y culpa de los otros nuestros fracasos; mientras nuestra vara de medir lo bueno para el colectivo sea su incidencia en la satisfacción de nuestros intereses personales; (...) mientras dediquemos tiempo a buscar y encontrar argumentos para que la cara la den otros; (...) mientras con el miedo puedan acceder a nuestra voluntad; mientras escuchemos sólo lo que deseamos oír... mientras todo eso suceda, digo, la realidad podrá cambiar –la realidad siempre cambia-, pero cambiará sin nosotros, a pesar de nosotros o por encima de nosotros. Y deberíamos ser capaces de generar tracción mejor que peso muerto (...)**”.

BUSTILLO BOLADO, Roberto O.: “Del sentido del humor a George Brassens”, en *La Voz de Galicia*, domingo 14/12/2014.

**“Il faut l’avouer, je crois peu aux lois”.**

YOURCENAR, Marguerite: *Mémoires d’Hadrien*, Éd. Gallimard, Paris, 1974, en § *Tellus Stabilita*. (Trad: “He de reconocer que creo poco en las leyes”).

1. A Universidade española cambiou moito nos últimos anos: a chegada de *Bolonia* (é dicir, no material, dunha nova ordenación académica) e da *calidade* (é dicir, no formal, dunha nova ordenación da xestión) trouxo consigo en numerosos aspectos, sen dúbida, unha mellora no servizo público da educación superior en España; aínda que é necesario ser consciente dos seus límites: trátase dunha mellora en parte truncada no seu alcance real pola inadecuación cuantitativa dos medios dispoñibles para afrontala, e trátase dunha reforma que só está a ser posible grazas a un enorme e ingrato sobre esforzo do profesorado e dos equipos de goberno e administración de Facultades e Escolas. Non é de estrañar que nos últimos tempos a maioría dos catedráticos con maior experiencia e *auctoritas* académica non queiran nin oír falar de desempeñar as (ata non hai tanto tempo) esencialmente nobres funcións decanais de representación e xestión, e non é de estrañar que ao entrar no último cuadrimestre do ano 2012, dous dos seis centros do Campus de Ourense (*Ensinaría Informática e Ciencias Empresariais e Turismo*) tivesen equipos directivos varios meses en situación de interinidade, ao non presentarse ás súas respectivas eleccións nin unha soa candidatura disposta a afrontar durante tres anos tales responsabilidades.

En Dereito, o noso anterior decano, o Prof. Dr. Miguel Michinel, xa anunciara desde o principio que non ía presentarse a unha posible reelección, que o seu labor á fronte da Facultade non ía prolongarse máis de tres anos. Eramos moitos os que desexábamnos que cambiase de idea, pero non foi así, e nas eleccións de outubro de 2012 a Facultade de Dereito corría un risco serio de pasar a converterse nun novo centro do Campus cun equipo decanal interino, circunstancia indesexable sempre e sobre todo cando, como sucedía entón, todos eramos conscientes da importancia do momento, pois estíbese a definir o futuro *Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia*, é dicir estíbese a decidir quen formaría parte deste sistema no futuro e como. E iso era especialmente relevante e sensible para centros que se atopasen nunha das dúas seguintes circunstancias: ter escasa demanda de prazas de novo ingreso (non era o noso caso) ou impartir graos repetidos (e aí si estabamos nós, pois en Galicia en catro Campus ofertábase e ofértase o Grao en Dereito: A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo).

Foi por ese motivo polo que un grupo de compañeiros, de profesores doutores unidos por sólidos lazos de afinidade persoal e académica, decidimos case a última hora cambiar os nosos plans profesionais e vitais, formar equipo, elaborar un proxecto e presentar unha candidatura que, naquel momento, acabaría sendo a única<sup>10</sup>.



Membros do equipo de goberno da Facultade de Dereito durante 2012-2015. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes, Marta Fernández Prieto, Lourdes Borrajo Diz, M<sup>a</sup> Belén Sánchez Ramos, Roberto Bustillo Bolado, Susana Álvarez González e Virxilio Rodríguez Vázquez.

<sup>10</sup> Ese equipo inicial (que garantía a continuidade do proxecto de Miguel Michelin, pois catro dos seus cinco integrantes traballamos con el durante o anterior mandato) formámolo as/os profesoras/es doutoras/es M<sup>a</sup> Belén Sánchez Ramos (responsable de relacións internacionais), M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes -Loly- (Secretaria da Facultade), Virxilio Rodríguez Vázquez (Vicedecano de Calidade e Planificación), Susana Álvarez González (Vicedecana de Ordenación Académica e Coordinadora de Grao) e eu mesmo como Decano. E falo dun “equipo inicial”, porque ao longo destes tres anos varias circunstancias sempre felices (as baixas maternais de Susana e de Loly, e o nomeamento de Virxilio como Vicerreitor do Campus de Ourense) foron facendo necesario que o equipo se fose renovando e crecendo, o que foi posible grazas á incorporación da profesora doutora Lourdes Borrajo Diz (Coordinadora de Grao dende 2013) e, despois, da profesora doutora Marta Fernández Prieto (primeiro Secretaria da Facultade en substitución de Loly e posteriormente, tras o regreso desta, Vicedecana de Calidade).

O proxecto consistía, fundamentalmente, en continuar a liña de actuación do anterior equipo decanal e en avanzar cara á consolidación do noso Centro dentro do Sistema Universitario de Galicia e do seu futuro *Mapa de Titulacións*, de conformidade co que puntualmente se nos ía informando por parte dos órganos centrais da nosa Universidade e dos órganos competentes da Xunta.

2. A continuidade esixía completar a posta en marcha académica do *Grao en Dereito* (no principio da nosa andaina en outubro de 2012 a primeira promoción estaba a comezar o seu cuarto e último curso da carreira), iniciar a actividade académica do *Máster en Avogacía* e, por último, terminar co excelente proceso de transformación dos espazos do edificio iniciada anos atrás polo anterior equipo.

Completar o Grao implicaba, entre outros aspectos, activar por primeira vez dúas materias de cuarto curso totalmente diferentes a calquera outra das contidas na vella Licenciatura: as Prácticas externas curriculares (optativa) e o Traballo de Fin de Grao (obrigatoria). Para facer posible as prácticas externas curriculares, antes do mes de decembro asinamos convenios de colaboración co *Colexio de Avogados de Ourense*, o *Colexio de Procuradores de Ourense*, a *Deputación Provincial* e a *Confederación Hidrográfica do Miño-Sil* (na actualidade, grazas á xestión de Susana Álvarez, contamos tamén coa colaboración do *Parlamento de Galicia*, do *Colexio Notarial de Galicia*, da *Fiscalía da Audiencia Provincial de Ourense*, do *Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar* e de varios despachos profesionais, o que permite que ata un máximo de vinte estudantes dispoñan dunha moi ampla oferta para elixir onde desenvolver esta actividade). En canto ao TFG (coas dificultades derivadas de novos labores de xestión para o PAS e de novos labores docentes para o profesorado sen incremento de medios e con escasos recoñecementos), tamén se xestionou con éxito e desenvolveuse con normalidade, destacando no seu primeiro ano tanto o labor dos membros do Tribunal e dos titores (que por primeira vez se enfrontaban con tales tarefas académicas) como a dos propios estudantes, que obtiveron uns excelentes resultados.

Cos erros e os acertos cometidos ao longo de catro anos con esta primeira e sufrida promoción do Grao (con certo sentido do humor e con toda a razón, Miguel Michinel conta unhas páxinas máis atrás que estes estudantes foron nosos

*conejiños de indias*; oxalá non fose así, pero a diferenza do que sucede cos medicamentos, o sistema universitario esixe probar todo o novo directamente cos destinatarios da novidade sen posibilidade de ensaio previo) fomos aprendendo e en cada novo curso tratamos de ir mellorando algo respecto do que deixabamos atrás<sup>11</sup>.

Polo que respecta ao *Máster en Avogacía*, sendo Decano da Facultade Miguel Michinel e Decano do Colexio de Avogados de Ourense Arturo González, aprobouse a Memoria do título (título, do mesmo xeito que o título do Grao, compartido coa *Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo* en Vigo) e asinouse o convenio de colaboración que fixo posible que durante o curso 2013-2014 comezásemos no Campus de Ourense coa primeira promoción deste (novo e vertebral) título integrada por vinte estudantes. Tanto a coordinación académica (onde se foron sucedendo M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes e Virxilio Rodríguez) como a coordinación profesional (Marcos Vázquez) desenvolveron unha intensa e frutífera actividade que, aínda que non exenta de complicacións, foi capaz de superar (contando coa colaboración dos membros da Comisión Académica e dos propios estudantes) as dificultades que foron xurdindo a medida que se avanzaba por terreo descoñecido.

E, por último, no que á continuidade do anterior proxecto se refire, en 2014 terminouse o longo proceso físico e xurídico que transformou as plantas do edificio da Facultade onde se atopan os seminarios e despachos de profesores, adaptando o espazo existente ás nosas necesidades e posibilitando a agrupación do profesorado por áreas académicas.

3. A segunda parte do proxecto, como xa sinaléi, consistía en definir e cimentar o espazo da Facultade dentro do futuro *Mapa de Titulacións*, o que implicaba actuar en tres frentes: demanda de estudantes de novo ingreso no primeiro curso de Grao, especialización por Campus e acreditación do Grao en Dereito.

---

<sup>11</sup> É de destacar ao respecto a positiva, intensa e -en parte- ingrata labor dos sucesivos coordinadores do Grao: Virxilio Rodríguez (durante os tres anos do decanato de Miguel Michinel) e Susana Álvarez e Lourdes Borrajo (durante o actual período).

En canto ao primeiro, os números da Facultade desde que no curso 2009/10 se implantou o Grao en Dereito sempre foron moi bos. A Memoria do noso Grao establece un *numerus clausus* de sesenta estudantes, e ano tras ano a demanda de prazas de novo ingreso en primeiro supera amplamente a oferta. É máis, durante o presente curso, atendendo a unha demanda social real (e co respaldo de practicamente todas as institucións públicas e privadas da provincia representativas na materia) puxemos en marcha de forma conxunta cos nosos compañeiros da *Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo*, unha simultaneidade de estudos (ou programa conxunto) ADE-Dereito, que permite que en cinco anos estudantes de novo ingreso poidan obter a formación e titulación propia das dúas carreiras universitarias. Ao programa conxunto resérvanse un total de vinte prazas preexistentes (dez de Dereito, dez de ADE), o que nos permitiu crecer, pois, a efectos prácticos, subimos dun límite máximo de sesenta estudantes de novo ingreso en primeiro a setenta (cincuenta do Grao en Dereito puro máis vinte da simultaneidade ADE-Dereito).



Na imaxe, estudantes da I Promoción do Grao en Dereito en xuño de 2013, o día da súa graduación.

A especialización por campus (unha das esixencias que se prevén para o *Mapa de Titulacións* en caso de Graos repetidos) foi posible aproveitando a liña estratéxica do *Campus da Auga*, orientando a nosa actividade académica na senda da auga e a sustentabilidade. Un paso transcendente deuse durante o curso 2013-14, cando se aprobou unha modificación do plan de estudos do Grao que



converteu á nosa Facultade no primeiro centro universitario de Galicia no que os seus estudantes ao rematar o Grao en Dereito poden (se o desexan, en función das materias optativas que cursen) obter o título cunha mención en “Unión Europea e desenvolvemento sustentable”. Gustaríanos avanzar máis nesa especialización por campus, máis intensidade tanto no *Grao en Dereito* como no *Máster en Avogacía*, pero o feito de que ao día de hoxe o noso centro e a *Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo* (en Vigo) esteamos obrigados a definir e compartir a mesma memoria tanto no Grao como no Máster réstanos (aos dous centros) capacidade para dar resposta rápida aos cambios, capacidade de adaptación ás esixencias dos nosos respectivos contornos sociais e capacidade para definir as nosas propias estratexias como centros dentro do contexto estratéxico da nosa Universidade; iso non quere dicir que non dispoñamos desas capacidades, dispomos delas, si, pero en menor medida que os nosos compañeiros das Facultades de Dereito de Santiago e A Coruña, que, neste aspecto, contan cunha sensible vantaxe competitiva, con Memorias e títulos oficiais máis flexibles e máis fáciles de xestionar e de adaptar ás súas necesidades.

O terceiro paso consiste na acreditación dos nosos títulos oficiais, moi especialmente o Grao en Dereito. En principio, xa en 2013 ou 2014 tiñamos que ter pasado ese proceso, pero atrasos acumulados a nivel xeral (motivados pola escaseza de medios consecuencia de axustes orzamentarios) deu lugar a que, entrado 2015, aínda non comezase nin teñamos noticia certa de cando seremos sometidos a esta acreditación<sup>12</sup>. Ante esa situación, decidimos non quedar á espera, senón ir avanzando camiño e así, en 2013, solicitamos someternos voluntariamente a unha auditoría para, no seu caso, obter o certificado do Sistema Interno de Garantía da Calidade (SIGC). Se o resultado era positivo, teríamos un distintivo ou selo de calidade favorable, un feito diferencial respecto doutros centros, e, en caso de non ser positivo, o esforzo investido non sería baldío, pois serviríanos para estar máis preto do cumprimento das esixencias da acreditación dos nosos títulos oficiais e para coñecer de antemán algunhas das nosas fortalezas e debilidades. Foi alentador

---

<sup>12</sup> Iso era en xaneiro de 2015; no momento de corrixir probas deste texto (abril de 2015) as previsións son 2016 para o proceso de acreditación do Máster en Avogacía e 2017 para o Grao en Dereito.



para todos<sup>13</sup> que o equipo de auditores externos no seu informe provisional destacase que a Facultade “funciona muy bien, perfectamente”. Aínda que no momento de pechar estas liñas estamos pendentes da resolución final, o balance do avanzado ao longo deste proceso e a mellora na xeración e sistematización das evidencias de calidade, na operatividade de procedementos internos e no funcionamento dalgúns órganos colexiados da Facultade foi, sen dúbida, positivo.

4. O exposto foi o resumo do camiño percorrido pola nosa Facultade nos últimos case dous anos e medio<sup>14</sup> (desde outubro de 2012, cando comezou o actual período decanal, ata xaneiro de 2015, momento en que se redactan estas liñas). Foi (e é) unha etapa na que tratamos de (xestionando con responsabilidade a boa herdanza recibida, tratando de xerar oportunidades de mellora e tratando de aproveitar as que foron xurdindo) avanzar na consolidación da nosa Facultade; adecuar a nosa oferta académica ás necesidades e á demanda da sociedade á que servimos; e utilizar a liña estratexia do *Campus da Auga* para concentrar esforzos e iniciativas intelectuais, para xerar e aproveitar sinerxías académicas e para afianzar o noso futuro. Algúns obxectivos conseguímoslos, e os que aínda non, niso estamos.

---

<sup>13</sup> O grao de implicación no proceso de PDI, PAS e estudantes foi e é moi alto, destacando especialmente o labor da Secretaria do Decanato, Concha, e dos dous vicedecanos que sucesivamente se fixeron cargo das funcións de calidade: Virxilio Rodríguez e Marta Fernández. Virxilio e Marta continuaron o labor dos que lles precederon ao fronte da calidade no anterior período decanal (as profesoras doutoras Mónica Siota Álvarez e Francisca Fernández Prol) e contaron coa colaboración de varios estudantes do Campus que en calidade de bolseiros desenvolveron tamén unha máis que estimable labor (Ángel González Escribano, José Luís Castro Fírvida, Tatiana Lima Pereira e Ana Martín Romero).

---

<sup>14</sup> Faltan referencias a outras accións como o novo plan de promoción da Facultade, a “refundación” da nosa web, a posta en marcha do plan de emerxencias do edificio, a creación -por fin- dun verdadeiro taboleiro oficial de anuncios, os cambios na decoración institucional dos espazos da Facultade (no que a partir de 2015 vai colaborar a Delegación de Alumnos), a participación institucional de profesores da nosa Facultade na estrutura organizativa do *Campus da Auga*... así como a mera cotianeidade da xestión, que ao día de hoxe consume gran parte dos nosos recursos e nos impide proxectar, avaliar, corrigir, impulsar e mellorar todo o que quixeramos. Esa monumental (e en non poucas ocasións, pouco útil ou eficiente) carga de traballo cotián que teñen que asumir moitos órganos de goberno da Universidade é unha manifestación máis dun dos principais problemas que, na miña opinión, corroen a Universidade española nestas primeiras décadas do século XXI: a tendencia a potenciar o accesorio por enriba do principal, a evidencia por enriba do evidenciado, o cálculo superficial por enriba do pensamento profundo, ou os resultados mensurables por enriba do estudo (estudo que veces conduce a resultados mensurables e ás veces non, e tan valioso e necesario é o un como o outro).

E non quero terminar estas páxinas sen unha xusta referencia a que os modestos pero reais resultados obtidos nesta etapa foron resultado do esforzo combinado de todos os integrantes da Facultade: un equipo de PAS do que se pode presumir; uns estudantes representados e coordinados por unha delegación de alumnos plural, comprometida, responsable, fresca e consciente do seu papel dentro da Universidade<sup>15</sup>; e un equipo de PDI limitado en número pero valioso e heteroxéneo (como debe ser), con distintas visións do que é a Universidade e o exercicio de funcións de goberno e representación (como debe ser), e que nos momentos clave (aprobação dun novo plan de estudos, impulso da simultaneidade ADE-Dereito, adecuación á demanda social da nosa oferta de terceiro ciclo...) contribuíu á deliberación e resolución (sempre de forma consensuada ou rozándose o consenso na Xunta de Facultade) con responsabilidade, consciencia de equipo e visión de futuro, superando intereses individuais, diferenzas e obstáculos de diversa índole, o que (se de algo serve a subxectiva pero honesta opinión de quen ten a experiencia de formar parte do PDI de tres Universidades en tres distintos sistemas autonómicos) resulta na Universidade española pouco frecuente (case estraño), alentador e alegremente salientable.

---

<sup>15</sup> Fomentar a operatividade dunha delegación de alumnos organizada e institucional foi un dos moi positivos obxectivos postos en marcha durante a etapa decanal de Miguel Michinel, sendo un dos seus principais promotores Virxilio Rodríguez (naquel entón, Coordinador de Grao). A *Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito* (DAFDO) desenvolveu dende o principio un excelente labor canalizando e impulsando iniciativas, achegando ideas, representando e dando cohesión a un estudiantado plural e diverso e, en xeral, colaborando coa Facultade da que forman parte (é dicir, coincidindo cos seus órganos de goberno cando entendía que había coincidir, discrepando de forma responsable e construtiva cando entendía que había que discrepar e botando unha man sempre que se lle pediu). A presidencia da Delegación non estaba cuberta no comezo do presente período decanal (pois o anterior presidente, Juan Ledo, deixou de ser alumno ao comezar o curso 2012-13); a partir de entón foron elixidos sucesivamente polos seus compañeiros para o exercicio desta función Andoni Bruña, Alba Rodríguez, Beatriz Solano e Violeta García.



As monografías publicadas en editoriais de prestixio son o principal resultado da investigación no mundo académico do Dereito.